

## Acta núm. 10

### SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MUROS

En Muros a 13 de xuño de 2015, no Salón de Plenos da Casa Consistorial, ás 12 e 30 horas reúnen os/as concelleiros/as electos/as: D<sup>a</sup> María Inés Monteagudo Romero, D. José Vazquez Rama, D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño, D. José Ángel Hermida Simil, D. Manuel María García Fernández, D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo, D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres, D. José Manuel Quintela Fernández, D. José Antonio Uhía Martínez, D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño, D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais, D. Enrique Riomayor Caamaño, D. Manuel Bartolomé Freire Eiras.

En cumprimento do establecido no art. 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño de Réxime Electoral Xeneral e no art. 37.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das corporacións locais constitúese un Mesa de Idade integrada por D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño e D. Enrique Riomayor Caamaño como elixidos de maior e menor idade respectivamente, actuando como secretario desta, o da Corporación.

Constituída a Mesa de Idade compróbanse as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos/as concelleiros/as electos/as con base nas certificacións remitidas ao Concello pola Xunta Electoral de Zona e recibido xuramento ou promesa de cada un/ha dos/as concelleiros/as presentes de cumprir fielmente as obrigacións do cargo con lealdade ao Rei, de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado (os dous concelleiros do Bloque Nacionalista Galego utilizan unha a fórmula: *Si prometo por imperativo legal e comprométome a defender os intereses xerais do Concello de Muros e do Pobo Galego*), declárase constituída a Corporación ao concorrer a maioría absoluta dos/as concelleiros/as electos/as.

A continuación procédese á elección do/a alcalde/sa. Para iso a Mesa proclama candidatos/as á elección de alcalde/sa aos/ás concelleiros/as que encabezan as correspondentes listas e que son:

D<sup>a</sup> Inés Monteagudo Romero polo Partido Popular.

D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres por Compromiso por Galicia

D. Manuel María García Fernández polo Bloque Nacionalista Galego.

Todos/as eles/elas manifestan a súa intención de ser candidatos/as á elección de alcalde/sa, agás a lista do Partido Socialista de Galicia, que non postula candidato/a á Alcaldía.

Procédeuse á votación a man alzada e efectúase o recuento dos votos co seguinte resultado:

- D<sup>a</sup> Inés Monteagudo Romero ---- 4 votos
- D<sup>a</sup> Manuel María García Fernández ---- 2 votos

- D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres -----7 votos.

É proclamada alcaldesa D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres, concelleira electa de Compromiso por Galicia ao obter a maioría absoluta.

Seguidamente toma posesión do cargo prestando xuramento/promesa de cumprir fielmente as obrigacións do cargo con lealdade ao Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Dáse por concluída a sesión ás trece horas e trinta minutos, do que como secretario dou fe.

Muros, 15 de xuño do 2015

O secretario

Luís Alberto Gil García